



# *Preguntas Frecuentes sobre os TFG/M na EPS de Enxeñaría*

## Lista de preguntas frecuentes

### Matrícula

Que carga en créditos ten o TFG? e o TFM? . . . . .	4
Que tipos de traballo se poden facer nun TFG/M? . . . . .	4
Cales son os requisitos oficiais para poder matricularme do TFG/M? . . . . .	4
Cando me podo matricular do TFG/M? . . . . .	4
Que dereitos me dá a matrícula do TFG/M? . . . . .	4
Cando é recomendable matricularse do TFG/M? . . . . .	4
Onde se formaliza a matrícula do TFG/M? . . . . .	5
En que semestre se desenvolve o TFG/M? . . . . .	5
A cantas oportunidades me dá dereito unha matrícula? . . . . .	5
Son beneficiario dunha bolsa Erasmus e a miña universidade de destino dispón dunha materia similar ao TFG/M. Como podو realizar o TFG/M neste caso? . . . . .	13
É posible realizar o TFG/M aínda que me atope fose de España con titorías por Skype e comunicacións por correo-e? . . . . .	13

### Asignación

Teño moitas dúbidas sobre o que quero facer. Sería posible poder concertar algunha reunión con algún titor ou coordinador para aclarar dalgunha maneira este tipo de dúbidas? . . . . .	5
Que teño que facer para que me asignen un TFG/M? . . . . .	5
Como podو saber que temas de TFG/M se ofertan e cales son os seus titores/as? . . . . .	6
Como podو asegurarme de que o tema do meu TFG/M é inédito? . . . . .	6
Onde se entregan as propostas de TFG/M? . . . . .	6
Podو poñerme de acordo directamente cun profesor para facer un TFG/M? . . . . .	6

Só se pode solicitar a asignación do TFG/M mediante acordo previo co profesor para un tema de TFG/M incluído na oferta oficial? . . . . .	6
En cursos anteriores xa traballei no TFG/M e tiña a proposta aceptada, que debo facer para continuar neste curso? . . . . .	6
Se son titulado/a nalgún grao, podó realizo o TFM como continuación do TFG que xa realiceí no seu día? . . . . .	6
Todo TFG/M debe ter titor/a? . . . . .	6
Pódese asignar un TFG/M se non estou matriculado do TFG/M? . . . . .	7
Podo cambiar de tema de TFG/M se xa teño asignado un? . . . . .	7
Podo ter máis dun titor? . . . . .	7
Cando coñecerei o titor que se me asignou? . . . . .	7
Cando saberei se a miña proposta de tema libre foi aceptada? . . . . .	7
Na resolución da Comisión de Título a proposta que presenteí resultou ACEPTADA CONDICIONADA, que teño que facer? . . . . .	7
Asignáronme un titor de TFG/M de tema libre, cando empezo a traballar? . . . . .	7
Presenteí unha proposta que resultou aceptada pero quero cambiar de titor, é posible? . . . . .	7
En canto á ”denominación do TFG/M” que se indica na proposta, ten que ser algo orientativo ou o título exacto? . . . . .	8

## Memoria

Cal debe ser a estrutura da memoria dun TFG/M? . . . . .	8
Existen modelos que poden ser empregados para escribir o meu TFG/M e onde podo atopalos? . . . . .	8
Cal debe ser a extensión do documento? . . . . .	8
Hai algunhas normas básicas de estilo, formato, etc. para a redacción do documento? . . . . .	8
O idioma que se debe usar no documento é español, ou se poden usar outros? . . . . .	8
Hai que incluír un resumo en inglés? . . . . .	8
Como se debe encadernar a memoria? . . . . .	9
Onde podo atopar exemplos de TFG/M que se defenderan na EPS de Enxeñaría? . . . . .	9

## Presentación e defensa

Cal é e onde pode atoparse a normativa que regula a defensa e a avaliación do TFG/M? . . . . .	9
Podo defender o meu TFG/M en calquera momento? . . . . .	9
Cales son os prazos para solicitar a defensa de TFG/M? . . . . .	9
Cales son os requisitos académicos para poder solicitar a defensa do TFG/M? . . . . .	9
Que ocorre se o estudante solicitou a defensa nunha convocatoria e non cumpre cos requisitos? . . . . .	10
O TFG/M é a última materia que hai que aprobar para conseguir o grao/máster? . . . . .	10
Que documentación hai que entregar en Secretaría e cando? Pode entregala outra persoa no meu nome . . . . .	10

Pódese solicitar a defensa do TFG/M sen o visto e prace do titor? . . . . .	10
Se me matriculo por primeira vez cal é a primeira oportunidade na que podo defender o meu TFG/M? . . . . .	10
Unha vez presentada a documentación en Secretaría da Escola, canto tempo pasa ata que podo defender o TFG/M? . . . . .	10
Como saberei que día, a que hora e en que lugar se celebrará a defensa do TFG/M? . . . . .	10
Canto tempo pode transcorrer desde que se publica o día da defensa? . . . . .	10
Como será o acto de defensa? . . . . .	11
En que idiomas podo realizar a defensa do TFG/M? . . . . .	11
É necesario incluír na presentación oral algunha parte en galego, castelán e inglés na defensa do TFG/M? . . . . .	11
Podo convidar os meus amigos e á miña familia ao acto de defensa? . . . . .	11
Cantos profesores forman parte do Tribunal? Como se elixen? . . . . .	11
Pode ser membro do Tribunal de avaliación algúns o meu titor do TFG/M? . . . . .	11
Pode asistir o meu titor á defensa? E intervir? . . . . .	11
Que aspectos se van avaliar do TFG/M? . . . . .	11
Se na defensa do TFG/M desexo facer unha demostración dun prototipo ou dun equipamento no que traballei, debo facela dentro do tempo máximo fixado ou dispoño dun tempo extra? . . . . .	11
Unha vez terminada a defensa, cando saberei a cualificación? . . . . .	12
Como podo revisar a miña cualificación? . . . . .	12
Como podo recuperar a miña copia da memoria unha vez defendese o TFG/M? . . . . .	12
Que ocorre se na data de defensa do TFG/M non me atopo en Lugo? . . . . .	12

## Normativa

Onde podo atopar as normativas que afectan os meus estudos? . . . . .	12
Podo realizar o TFG/M nunha empresa? . . . . .	12
Podo realizar o TFG/M nun departamento que non teña docencia no meu grao? . . . . .	13
Aclaracións sobre Propiedade Intelectual dos TFG/M . . . . .	13
Unha vez aprobado o TFG/M polo tribunal, cando podo solicitar o título? . . . . .	13
Como podo realizar o TFG/M se estou nun programa de intercambio: SICUE, Séneca, Erasmus, Bilateral...? . . . . .	13
Que pasa se entrego un TFG/M que non foi supervisado polo meu titor (ou o foi só parcialmente)? . . . . .	13

# 1. MATRICULA

## Que carga en créditos ten o TFG? e o TFM?

Debes consultar a páxina web do título que esteas cursando. Como norma xeral, nos graos e másteres habilitantes son 12 ECTS.

No resto de títulos:

- |  |    |
|--|----|
| ▪ Grao en Paisaxe  | 18 |
| ▪ Máster de Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados | 9  |
| ▪ Máster de Arquitectura da Paisaxe                                  | 9  |
| ▪ Máster en Xestión Sustentable da Terra e do Territorio             | 9  |
| ▪ Máster de Dirección de Proxectos                                   | 15 |

## Que tipos de traballo se poden facer nun TFG/M?

A normativa indica que ten que ser un traballo de carácter profesional no que se integren as competencias adquiridas no título, polo que podes facer como TFG/M calquera traballo que poida realizar un profesional no ámbito laboral. De cara ao formato do documento e aos obxectivos fixados, hai tres tipos de traballo: Proxecto de Enxeñaría, Estudo Técnico e Traballo de Investigación.

## Cales son os requisitos oficiais para poder matricularme do TFG/M?

Para poder formalizar a matrícula do TFG/M o alumnado poderá ter pendentes como máximo 75 créditos para completar os estudos, excluídos os correspondentes ao TFG/M.

## Cando me podo matricular do TFG/M?

A matrícula dos traballos realizase dentro dos prazos xerais de matrícula ordinaria que estableza a Universidade.

## Que dereitos me dá a matrícula do TFG/M?

A matrícula faise por curso académico polo que dá dereito a unha convocatoria.

Nesa convocatoria tes dereito á entrega e defensa do traballo en dúas oportunidades durante o curso, sempre que cumpras os requisitos para a avaliación e fixeras efectivo o pagamento.

En caso de facer entrega e defensa do TFG/M nas oportunidades de febreiro e xuño e non aprobar, esgotarías as oportunidades dese curso e non sería posible entregar en xullo.

Tamén che dá dereito a que un profesor te asesore na súa realización en calidade de titor.

## Cando é recomendable matricularse do TFG/M?

Xa que o TFG/M ten que ser obrigatoriamente a última materia en superarse do título é recomendable matricularse no curso académico en que se conta con poder entregalo e defendelo tendo en conta o número de créditos pendentes, a dispoñibilidade horaria, etc.

### Onde se formaliza a matrícula do TFG/M?

Na túa Secretaría Virtual como calquera outra materia. En certos casos poderías ter que facer a matrícula presencialmente na UXA (Unidade de Xestión Académica), consulta con eles se tes dificultades.

### En que semestre se desenvolve o TFG/M?

Os TFG/Ms están programados no último semestre dos títulos, de maneira que nese período estarás máis liberado/a doutras materias, pero é recomendable decidir a temática con anterioridade, por exemplo, ao rematar o curso anterior para poder facer unha programación coherente das tarefas. Sobre todo cando poida haber restricións temporais ou trámites administrativos: obtención de cartografía, dispoñibilidade de equipos de laboratorio, tramitación de permisos, épocas de colleita, poda...

### A cantas oportunidades me dá dereito unha matrícula?

A matrícula dará dereito á entrega e defensa do traballo en **dúas oportunidades unicamente** (a escoller entre febreiro, xuño e xullo) no curso no que estea matriculado. En caso de non superar a materia nese curso académico consumirase unha convocatoria.

O número máximo de convocatorias que poderá consumir o alumnado será de catro para os TFG/M e dúas para o TFM (agás no caso de títulos de máster conducentes ao exercicio de profesións reguladas, no que o número de convocatorias será de catro). **A obtención de "Non presentado" nalgunha das oportunidades ou en todas computarase para os efectos de consumir a convocatoria.** Para poder presentarse a unha nova convocatoria será necesaria a formalización de nova matrícula.

## 2. ASIGNACIÓN

### Teño moitas dúbidas sobre o que quero facer. Sería posible poder concertar algunha reunión con algún titor ou coordinador para aclarar dalgunha maneira este tipo de dúbidas?

Podes contactar co Coordinador de TFG/M do título ou cos profesores que propoñen temas que incluírían a túa proposta. Tamén é recomendable que asistas ás charlas informativas sobre TFG/M que se fan ao principio de curso e ás presentacións dos teus compañeiros, xa que poden servirte de moita axuda na selección da temática e/ou o emprazamento.

### Que teño que facer para que me asignen un TFG/M?

En cada título hai un procedemento lixeiramente diferente, consulta a normativa específica. En liñas xerais, debes presentar unha proposta de actuación que se enmarque na lista de temas de TFG/M que se ofertan ou nos ámbitos de actuación das actividades profesionais do teu título.

### **Como podo saber que temas de TFG/M se ofertan e cales son os seus titores/as?**

Na páxina web de cada título, na caixa correspondente ao TFG/M podes consultar a listaxe de temas propostos para cada curso académico e o titor correspondente.

### **Como podo asegurarme de que o tema do meu TFG/M é inédito?**

Na páxina web de TFG/M de cada título hai unha listaxe dos traballos presentados en convocatorias anteriores, de todos modos, consulta co Coordinador de TFG/M por se hai outro alumno traballando no mesmo ámbito e na mesma temática.

### **Onde se entregan as propostas de TFG/M?**

As propostas entregaranse na Secretaría do centro cumprindo cos requisitos que se establecen na normativa de cada título.

### **Podo poñerme de acordo directamente cun profesor para facer un TFG/M?**

En caso de que o/a alumno/a e o/a titor/a acorden previamente a temática a desenvolver no TFG/M a asignación será automática tras a tramitación da proposta.

### **Só se pode solicitar a asignación do TFG/M mediante acordo previo co profesor para un tema de TFG/M incluído na oferta oficial?**

Non, podes poñerte de acordo co profesor para facer un traballo que non estivese na listaxe de temas, pero quedará pendente de ser autorizado pola Comisión de Título.

### **En cursos anteriores xa traballei no TFG/M e tiña a proposta aceptada, que debo facer para continuar neste curso?**

Podes continuar traballando nesa temática e baixo a titorización do/a mesmo/a profesor/a que che fora asignado, e de selo caso, formalizar a matrícula e rematar as tarefas pendentes para presentarse na oportunidade elixida.

No caso de que pasaran mais de dous anos dende a aprobación da túa proposta debes facer unha renovación da proposta.

### **Se son titulado/a nalgún grao, podo realizar o TFM como continuación do TFG que xa realicei no seu día?**

Debes ter en conta que os TFMs deben ser traballos inéditos, orixinais..., polo que deben supoñer unha ampliación significativa para que a Comisión de Título a acepte.

### **Todo TFG/M debe ter titor/a?**

Si, é obrigatorio que os TFG/M teñan asignado titor/es.

Na páxina web dos TFG/M da EPS de Enxeñaría podes consultar o [Procedemento de Asignación de Titor](#) (aprobado Comisión de Calidade do Centro o 14/12/17).

### **Pódese asignar un TFG/M se non estou matriculado do TFG/M?**

En principio pódese presentar a proposta e realizar a asignación de titor/es sen estar matriculado, pero tanto para que o/a titor/a teña recoñecemento en horas como para que o/a estudante teña cobertura de seguro escolar é recomendable que fagas a matrícula cando comezes os traballos.

### **Podo cambiar de tema de TFG/M se xa teño asignado un?**

Si, presentando unha nova solicitude e desistindo da proposta anterior.

### **Podo ter máis dun titor?**

Si, o artigo 5 da Normativa a USC establece que por razóns xustificadas pode designarse outro/a titor/a ou excepcionalmente dous cotitores.

### **Cando coñecerei o titor que se me asignou?**

Nos días seguintes á Comisión de Título na que se revisan as propostas e se asignan os titores faise pública a resolución no taboleiro do segundo andar do edificio central da EPS de Enxeñaría e nos medios que decida cada Comisión de Título (nalgunhas titulacións publícase tamén na Aula Virtual de Coordinación).

### **Cando saberei se a miña proposta de tema libre foi aceptada?**

Nos días seguintes á Comisión de Título na que se revisan as propostas e se asignan os titores faise pública a resolución no taboleiro do segundo andar do edificio central da EPS de Enxeñaría e nos medios que decida cada Comisión de Título (nalgunhas titulacións publícase tamén na Aula Virtual de Coordinación).

### **Na resolución da Comisión de Título a proposta que presentei resultou ACEPTADA CONDICIONADA, que teño que facer?**

Na propia resolución da Comisión de Título indícanse as modificacións que tes que facer. Debes facer os cambios que se indican e volver a presentar a proposta, asinada polo/s titor/es na Secretaría Administrativa de EPS de Enxeñaría.

### **Asignáronme un titor de TFG/M de tema libre, cando empezo a traballar?**

En canto estea publicada a resolución de asignación de titores contacta con eles para fixar o calendario de reunións.

### **Presentei unha proposta que resultou aceptada pero quero cambiar de titor, é posible?**

A Comisión de Título asigna os titores segundo o procedemento fixado atendendo a criterios de idoneidade do perfil docente e/ou investigador e do reparto de carga entre o PDI do título polo que

o cambio de titor debe facerse de modo xustificado.

Debes entregar na Secretaría Administrativa do Centro unha modificación da proposta e unha [instancia xeral](#) motivando a razón do cambio para a súa consideración na Comisión de Título dentro do prazo correspondente.

**En canto á ”denominación do TFG/M” que se indica na proposta, ten que ser algo orientativo ou o título exacto?**

Debe ser o título exacto do documento que entregues posteriormente, pois vai figurar tamén na Acta de cualificacións e no teu expediente académico. Se despois o queres modificar, hai unha data límite establecida no calendario de TFG/M da EPS de Enxeñaría para cada oportunidade.

### 3. MEMORIA

**Cal debe ser a estrutura da memoria dun TFG/M?**

A estrutura da memoria dun TFG/M depende da súa tipoloxía. Tes información na Guía Docente da materia, pero se che quedan dúbidas consulta co/a Coordinador/a de TFG/M do teu título. Consúltao tamén cos teus titores que son os que mellor che poden axudar neste aspecto.

**Existen modelos que poden ser empregados para escribir o meu TFG/M e onde podo atopalos?**

Existen modelos en formato Word e Latex que se poden atopar na páxina de TFG/M da EPS de Enxeñaría.

No curso 2018/19 a utilización dos modelos é voluntaria, pasando a ser obrigatorio o seu uso a partir do curso 2019/20.

**Cal debe ser a extensión do documento?**

Non está fixada nin unha extensión máxima nin mínima para o documento presentado, pero o traballo realizado debe axustarse á carga horaria correspondente ao número de créditos da materia.

**Hai algunhas normas básicas de estilo, formato, etc. para a redacción do documento?**

Hai un modelo en formato Word e Latex para que che sirva de punto de partida na elaboración do documento. Consulta aos teus titores e/ou co/a Coordinador/a de TFG/M do teu título en caso de que precises información adicional.

**O idioma que se debe usar no documento é español, ou se poden usar outros?**

Os TFG/Ms deben estar redactados nun único idioma elixido entre os que figuran na memoria de título. Habitualmente en castelán ou galego.

**Hai que incluír un resumo en inglés?**



Ao inicio do TFG/M debe figurar un resumo de entre 200 e 300 palabras que debe redactarse nos tres idiomas: galego, castelán e inglés. Este resumo debe ir acompañado de palabras chave, nun número non inferior a cinco, que identifiquen a temática do traballo.

#### **Como se debe encadernar a memoria?**

De novo, depende da titulación. Consulta o Artigo 9. da normativa específica de TFG/M da túa titulación.

#### **Onde podo atopar exemplos de TFG/M que se defenderan na EPS de Enxeñaría?**

No futuro van estar no repositorio institucional, pero aínda non están dispoñibles. Os TFG/M que se aprobaron en convocatorias anteriores e que están dispoñibles para consulta poden solicitarse na Conserxería da EPS de Enxeñaría pero sempre coa autorización dos titores ou dalgún profesor.

## **4. PRESENTACIÓN E DEFENSA**

#### **Cal é e onde pode atoparse a normativa que regula a defensa e a avaliación do TFG/M?**

É a normativa xeral de TFG/M do Título. Como no resto de materias está dispoñible a Programación Docente na web do título e adicionalmente publícanse cada ano os criterios de avaliación e o documento de rúbricas empregado na páxina web específica de TFG/M de cada título.

#### **Podo defender o meu TFG/M en calquera momento?**

Os TFG/M e TFM entregados só poderán ser defendidos e avaliados nas oportunidades oficiais unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao ou máster, salvo os correspondentes aos propios traballos, e a proposta *vixente*.

Poderías entregar o TFG/M nunha oportunidade estando á espera de cumprir os requisitos académicos, pero no caso de ter pendente algunha materia debes esperar a outra oportunidade para defendelo.

#### **Cales son os prazos para solicitar a defensa de TFG/M?**

Os establecidos no calendario de TFG/M que publica a EPS de Enxeñaría. Hai que solicitar a defensa sempre con anterioridade á entrega, xa que hai que imprimir un xustificante e entregalo xunto coas copias do TFG/M.

#### **Cales son os requisitos académicos para poder solicitar a defensa do TFG/M?**

Para realizar a solicitude non se require ningún requisito. Non obstante, debes ter en conta que non poderás defender se non tes todas as materias aprobadas.

**Que ocorre se o estudante solicitou a defensa nunha convocatoria e non cumpre cos requisitos?**

Que recibirá a cualificación de Non presentado.

**O TFG/M é a última materia que hai que aprobar para conseguir o grao/máster?**

Si.

**Que documentación hai que entregar en Secretaría e cando? Pode entregala outra persoa no meu nome**

Debes entregar a solicitude de defensa, o documento para egresados e as copias do TFG/M dentro dos prazos fixados no calendario de TFG/M que publica a EPS de Enxeñaría.

A solicitude de defensa é un resguardo que debes imprimir tras facer ese trámite na túa Secretaría Virtual.

O documento para egresados o podes atopar na páxina web da EPS de Enxeñaría [http://www.usc.es/gl/centros/eps/caixa\\_alumnado/traballo\\_fin\\_de\\_grao\\_e\\_master.html](http://www.usc.es/gl/centros/eps/caixa_alumnado/traballo_fin_de_grao_e_master.html)

Consulta na normativa específica de cada titulación o número de copias en papel e/ou dixitais que debes entregar.

Esta entrega a pode realizar o/a interesado/a ou outra persoa autorizada por el/a coa debida acreditación (copia do DNI do/a autor/a e autorización escrita asinada por el/a).

**Pódese solicitar a defensa do TFG/M sen o visto e prace do titor?**

Si, aínda que sería recomendable que estivese informado previamente, xa que terá que emitir un informe de titorización que pode ser tido en conta como criterio de avaliación.

**Se me matriculo por primeira vez cal é a primeira oportunidade na que podoo defender o meu TFG/M?**

A primeira na que cumpras cos requisitos académicos. Recorda que debes ter superadas todas as materias no momento da defensa, non no da entrega do TFG/M.

**Unha vez presentada a documentación en Secretaría da Escola, canto tempo pasa ata que podoo defender o TFG/M?**

O período no que se poden facer as defensas do TFG/M está fixado no calendario da EPS de Enxeñaría, normalmente hai uns 15 días como mínimo de prazo. A data e hora exactas a fixa a Comisión de Título unha vez entregados todos os TFG/Ms desa oportunidade.

**Como saberei que día, a que hora e en que lugar se celebrará a defensa do TFG/M?**

Despois da entrega de TFG/M a Comisión de Título reúne para aprobar a composición dos tribunais de TFG/M, así como as datas e as horas nas que se celebrará a defensa de cada TFG/M . Esta resolución publicarase na páxina web da escola e nalgúns títulos na Aula Virtual de Coordinación.

### **Canto tempo pode transcorrer desde que se publica o día da defensa?**

A composición do Tribunal e a data debe publicarse como mínimo cunha antelación de 10 días naturais.

### **Como será o acto de defensa?**

De novo, depende da titulación pero en todos os casos é presencial ante o Tribunal. O habitual é que primeiro haxa unha presentación breve (10-15 minutos) por parte do estudante e a continuación unha quenda de preguntas por parte do Tribunal no que poden intervir ou non todos os seus compoñentes.

### **En que idiomas podo realizar a defensa do TFG/M?**

Podes empregar calquera dos idiomas que recolla a memoria de título, habitualmente galego ou castelán, non sendo obrigatorio que coincida co empregado na elaboración do documento.

### **É necesario incluír na presentación oral algunha parte en galego, castelán e inglés na defensa do TFG/M?**

Non é necesario empregar os tres idiomas na presentación.

### **Podo convidar os meus amigos e á miña familia ao acto de defensa?**

As defensas dos TFG/M son actos públicos aos que poden asistir todas aquelas persoas que o desexen. Todos os asistentes deben gardar o debido silencio e non está permitida a gravación nin a toma de imaxes sen a autorización do tribunal. Pode ser interesante que os estudantes asistan ás presentacións de TFG/M doutros compañeiros previamente á elaboración e defensa do TFG/M, xa que forman parte do proceso de aprendizaxe.

### **Cantos profesores forman parte do Tribunal? Como se elixen?**

Os tribunais estarán formados por tres membros que deben ser profesores do título, mais un suplente que actuará en caso de que haxa algún ausente. Son elixidos pola Comisión de Título en función do número de traballos, das temáticas e das modalidades que se avalíen nesa oportunidade.

### **Pode ser membro do Tribunal de avaliación algúns o meu titor do TFG/M?**

Os titores **non** poden formar parte do Tribunal de avaliación en ningún caso.

### **Pode asistir o meu titor á defensa? E intervir?**

A defensa é un acto público, polo que pode asistir. O Tribunal de Avaliación decidirá en cada caso se se lle cede a palabra ou non.

### **Que aspectos se van avaliar do TFG/M?**

De novo, depende da titulación. Consulta a Programación docente da materia, os criterios de avaliación e o documento de rúbricas na páxina web específica de TFG/M de cada titulación.

**Se na defensa do TFG/M desexo facer unha demostración dun prototipo ou dun equipamento no que traballei, debo facela dentro do tempo máximo fixado ou dispoño dun tempo extra?**

Consúltao co teu Tribunal antes do acto de defensa, habitualmente o tempo do que dispón cada alumno para a súa exposición é o mesmo.

**Unha vez terminada a defensa, cando saberei a cualificación?**

De novo, depende da titulación. O habitual é que as cualificacións de todos os TFG/M avaliados na mesma oportunidade se comunican publicamente ao finalizar a última sesión de defensas. Tamén se comunican no taboleiro de TFG/M na Secretaría da EPS de Enxeñaría e, nalgúns casos, na Aula Virtual de Coordinación. Tamén se comunica mediante un aviso ao móbil se estás suscrito a USC NOTAS.

**Como podo revisar a miña cualificación?**

Na mesma resolución na que se comunican as cualificacións indícase unha data límite para realizar a revisión. O estudante que queira revisala debe solicitalo ao presidente do Tribunal que fixará unha data e unha hora para que o Tribunal se reúna co estudante para revisar con el o documento e aclarar as dúbidas sobre a avaliación. Deben respetarse as indicacións da [Instrución da Secretaría Xeral sobre a revisión de TFG/M](#)

**Como podo recuperar a miña copia da memoria unha vez defendese o TFG/M?**

A EPS de Enxeñaría ten a obriga de custodiar dúas copias dixitais de todos os TFG/M polo que as restantes copias que entregas na convocatoria as podes retirar xa tras a defensa.

**Que ocorre se na data de defensa do TFG/M non me atopo en Lugo?**

Recibirás unha cualificación de Suspenso. Non se admiten defensas telemáticas.

## 5. **NORMATIVA**

**Onde podo atopar as normativas que afectan os meus estudos?**

Na páxina web da EPS de Enxeñaría hai un apartado na caixa de estudantes dedicado aos TFG/M . Aí, ademais da normativa da USC e todos os formularios que precisas hai enlaces ás normativas específicas de cada titulación. [http://www.usc.es/gl/centros/eps/caixa\\_alumnado/traballo\\_fin\\_de\\_grao\\_e\\_master.html](http://www.usc.es/gl/centros/eps/caixa_alumnado/traballo_fin_de_grao_e_master.html)

**Podo realizar o TFG/M nunha empresa?**

É unha vía na que non existen moitos precedentes, pero que é moi recomendable. De todos modos debes ter en conta que un dos teus titores debe ser sempre profesor de áreas con docencia na titulación, o titor na empresa debe cumprir unha serie de requisitos académicos, debe existir

convenio entre a empresa e a USC e a Comisión de Título debe aprobar a temática.

### **Podo realizar o TFG/M nun departamento que non teña docencia no meu grao?**

Si, aínda que a normativa indica que un dos teus titores debe ser sempre profesor de áreas con docencia na titulación.

### **Aclaracións sobre Propiedade Intelectual dos TFG/M**

Segundo o [Regulamento de TFG/M da USC](#) (artigo 11.1), a propiedade intelectual dos traballos correspóndelle ao/á alumno/a que o realizou.

Non obstante, se o traballo foi feito no marco dun contrato ou convenio con algunha entidade poden existir cláusulas de confidencialidade (ver artigo 11.2 Regulamento de TFG/M da USC[1]).

### **Unha vez aprobado o TFG/M polo tribunal, cando podo solicitar o título?**

Unha vez finalizado o prazo para a revisión da cualificación (ou antes se o estudante renuncia a esta) o Tribunal pechará a acta de cualificacións e unha vez que estea asinada a cualificación aparecerá no teu expediente académico. En canto isto suceda, e se cumpres o requisito do nivel de idioma que fixa a normativa, podes solicitar o título a traveso da Secretaría virtual.

### **Como podo realizar o TFG/M se estou nun programa de intercambio: SICUE, Séneca, Erasmus, Bilateral...?**

A normativa o permite, pero hai un acordo da Comisión de Calidade que non permite superalo na Universidade de destino se se trata de países estranxeiros, fundamentalmente para as titulacións habilitantes.

### **Son beneficiario dunha bolsa Erasmus e a miña universidade de destino dispón dunha materia similar ao TFG/M. Como podo realizar o TFG/M neste caso?**

A normativa o permite, pero hai un acordo da Comisión de Calidade que non permite superalo unicamente na Universidade de destino, fundamentalmente para as titulacións habilitantes. Deste modo, debes realizar os mesmos trámites que os demais alumnos, presentar unha proposta, ter un titor da USC e defender na EPS de Enxeñaría ao teu regreso.

### **É posible realizar o TFG/M aínda que me atope fose de España con titorías por Skype e comunicacións por correo-e?**

O réxime de titorías tes que fixalo co/s titor/es, pero ningunha normativa indica que sexa obrigatorio que sexan presenciais.

### **Que pasa se entrego un TFG/M que non foi supervisado polo meu titor (ou o foi só parcialmente)?**

O teu titor debe emitir igualmente un informe sobre o seguimento realizado.

Consulta nos criterios de avaliación que decisión se toma en cada titulación, porque hai algunhas que consideran a falta de (ou unha insuficiente) titorización un motivo para suspender a materia.

## 6. LIGAZÓNS DE INTERESE

### Referencias

- [1] *Regulamento TFG/TFM da USC.*  
[http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/eps/caixa\\_alumnado/traballo\\_fin\\_de\\_grao\\_e\\_master/1707\\_Normativa\\_TFG\\_TFM/Regulamento-TFG\\_TFM\\_USC.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/eps/caixa_alumnado/traballo_fin_de_grao_e_master/1707_Normativa_TFG_TFM/Regulamento-TFG_TFM_USC.pdf)
- [2] *Páxina Web dos Traballo Fin de Grao/Máster da EPS de Enxeñaría.*  
[http://www.usc.es/gl/centros/eps/caixa\\_alumnado/traballo\\_fin\\_de\\_grao\\_e\\_master.html](http://www.usc.es/gl/centros/eps/caixa_alumnado/traballo_fin_de_grao_e_master.html)
- [3] *Páxina web con Documentación específica do TFG do Grao de Enxeñaría Agrícola e Alimentaria.*  
[http://www.usc.es/gl/centros/eps/xescampus/G4091V01/Traballo\\_fin\\_Grao.html](http://www.usc.es/gl/centros/eps/xescampus/G4091V01/Traballo_fin_Grao.html)
- [4] *Páxina web con Documentación específica do TFG do Grao en Enxeñaría Civil.*  
[http://www.usc.es/gl/centros/eps/TitulacionDeGrao/Traballo\\_Fin\\_de\\_Grao\\_IC.html](http://www.usc.es/gl/centros/eps/TitulacionDeGrao/Traballo_Fin_de_Grao_IC.html)
- [5] *Páxina web con Documentación específica do TFG do Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural.*  
[http://www.usc.es/gl/centros/eps/TitulacionDeGrao/Traballo\\_Fin\\_de\\_Grao\\_MN.html](http://www.usc.es/gl/centros/eps/TitulacionDeGrao/Traballo_Fin_de_Grao_MN.html)
- [6] *Páxina web con Documentación específica do TFG do Grao en Enxeñaría en Xeomática e Topografía.*  
[http://www.usc.es/gl/centros/eps/TitulacionDeGrao/Traballo\\_Fin\\_de\\_Grao\\_IX.html](http://www.usc.es/gl/centros/eps/TitulacionDeGrao/Traballo_Fin_de_Grao_IX.html)
- [7] *Páxina web con Documentación específica do TFG do Grao en Paisaxe.*  
<http://www.usc.es/gl/centros/eps/titulacions.html?plan=17337&estudio=17338&codEstudio=16612&valor=9>
- [8] *Páxina web con Documentación específica do TFG do Máster Interuniversitario de Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega.*  
<http://master.juanadevega.org/>
- [9] *Páxina web con Documentación específica do TFG do Máster en Dirección de Proxectos.*  
[http://www.usc.es/gl/centros/eps/xescampus/P4031V01/INFORMACION\\_TRABALLO\\_FIN\\_DE\\_MASTER.html](http://www.usc.es/gl/centros/eps/xescampus/P4031V01/INFORMACION_TRABALLO_FIN_DE_MASTER.html)
- [10] *Páxina web con Documentación específica do TFG do Máster en Enxeñaría Agronómica.*  
[http://www.usc.es/gl/centros/eps/xescampus/P4161V01/documentacion\\_tfm.html](http://www.usc.es/gl/centros/eps/xescampus/P4161V01/documentacion_tfm.html)
- [11] *Páxina web con Documentación específica do TFG do Máster en Enxeñaría de Montes.*  
[http://www.usc.es/gl/centros/eps/xescampus/P4171V01/Informacion\\_TFM.html](http://www.usc.es/gl/centros/eps/xescampus/P4171V01/Informacion_TFM.html)
- [12] *Páxina web con Documentación específica do TFG do Máster en Xestión Sostible da Terra e do Territorio.*  
<http://masterterra.usc.es/drupal/es/node/10>

- [13] *Máster Universitario en Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados.*  
<http://www.usc.es/gl/centros/eps/titulacions.html?plan=17372&estudio=17373&codEstudio=16645&valor=9>